

Exercicio Manual Javascript

Deseñar un sitio web a partir do material do Manual de Javascript accesible na dirección <http://www.programacionweb.net/cursos/curso.php?num=11>

Contidos HTML

En primeiro lugar repartiranse entre o alumnado os capítulos do manual cón obxectivo de crear os documentos HTML cón contido básico.

Introducción a JavaScript	Profesor
Variables JavaScript	cperez
Tipos de datos	srperez
Estructuras de control	hsdominguez
Operaciones	cplijo
Vectores y matrices	cperez
Funciones	srperez
JavaScript orientado a objetos	hsdominguez
Objeto Math	cplijo

Para cada capítulo crearase un documento HTML utilizando únicamente as seguintes etiquetas:

h1, h2, p, pre, a, img, dl, dt, dl, ul, ol, li.

Unha vez creado o contido HTML, poñerase en común e con él cada alumno deberá desenvolver o seu propio sitio web.

Plantilla CSS

Deberase deseñar unha plantilla utilizando CSS para realizar a maquetación e distribuir axeitadamente a información no navegador.

- A plantilla terá como mínimo 4 capas diferentes que se identificarán mediante o atributo ID da etiqueta DIV:
 - Cabeceira: Onde se colocará o título do sitio web: “Manual de Javascript”
 - Índice: Que disporá dunha lista de enlaces aos distintos capítulos do manual.
 - Contido: Onde se colocarán os contidos HTML desenvolvidos en común polos alumnos.
 - Pe: Que incluírá información de autoría, fonte do material, alumno que o adaptou e data de publicación ou última revisión.
- A plantilla deberá visualizarse razoablemente ben nos dous navegadores principais (Firefox, Explorer) e en distintas resolucións de pantalla ou con distintos tamaños de ventana.
- Deberanse engadir a maiores os seguintes contidos que o alumno poderá colocar na capa que considere máis apropiada:
 - Validación XHTML: <http://validator.w3.org/>
- Poderanse utilizar imaxes adicionais para decorar a plantilla.

Outros estilos CSS

Utilizaranse follas de estilo CSS para dar formato aos contidos, ademáis de para facer a maquetación. Todos os estilos CSS definiranse nun único arquivo de nome “estilos.css”. Como mínimo deberanse crear as regras de estilos para os seguintes contidos:

- Título da Cabeceira.
- Lista de enlaces do Índice, con diferentes estilos segundo o estado do enlace.
- Títulos e párrafos do Contido.
- Texto preformateado para o código do Contido
- Enlaces do Contido
- Texto e enlaces do Pe.

Para formatear estes contidos deberanse usar polo menos unha vez ao longo da folla de estilos as seguintes propiedades:

- font-family
- font-size
- font-style
- font-weight
- word-spacing
- letter-spacing
- text-decoration
- color
- background-color
- background-image
- background-repeat
- text-align
- text-indent
- line-height
- border
- margin
- padding
- list-style-type

Estructura de arquivos e directorios

- Todos os arquivos que compoñen o sitio web deberanse gardar baixo a mesma carpeta. Nela deberá existir un arquivo index.html que corresponderá ao capítulo de “Introducción a JavaScript”.
- Gardarase un arquivo de nome “plantilla.html” que almacene a plantilla HTML creada para xerar os contidos.
- O resto de arquivos HTML deberán nomearse de xeito que se poidan ordenar coa mesma orde que segue o propio curso.
- Os nomes deberán ser curtos pero descriptivos do seu contido. Só poderán conter caracteres alfabéticos (sen acentos, eñes, etc.), números ou o guión de subliñado.
- A folla de estilos deberá nomearse “estilos.css”
- Crearase unha carpeta “imaxes” para os arquivos gráficos do sitio web.

Outros requisitos

- Cada documento HTML final deberá ter un título que indique o sitio web xeral e o capítulo concreto que presenta.
- O exercicio rematado colgarase no espacio web do alumno. Actualizarase a portada/índice..